

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 2 DE MAIO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00020870D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00019285B.

Aprobación do expediente do Espectáculo Los 40 Pop Santiago nas festas da Ascensión 2024

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do Espectáculo Los 40 Pop Santiago nas festas da Ascensión 2024 cun orzamento base de licitación de 36.600,00 € (base imponible de 30.247,94 € máis IVE do 21% polo importe de 6.352,06 €)

Segundo: Abrir o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade

Terceiro. Autorizar un gasto total por importe de 36.600,00 € que se imputa á aplicación orzamentaria 2024 070 33800 2269900.

3. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00020870D.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en procedemento de contratación.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran a ausencia de conflito de interese ao respecto do contrato do "Servizo de redacción de proxecto básico e de execución (PBE) e dirección facultativa (DO+DEI+CSS) do "Barrio verde de Pontepedriña: renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano".

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00012617J.

Aprobación do expediente de contratación Servizo de Redacción Proxecto Básico e Execución (PBE) e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) do "Barrio verde de Pontepedriña: Renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano", cun orzamento base de licitación de 138.341,48 €.

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Servizo de Redacción Proxecto Básico e Execución (PBE) e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) do "Barrio verde de Pontepedriña: Renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano", cun orzamento base de licitación de 138.341,48 € (base imponible de 114.331,80 € máis IVE do 21% de 24.009,68 €).

Segundo: abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 138.341,48 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 040 17100 6090002 (Código de proxecto: 2024 2 NGESS 15 1 Entre Sar e Sarela).

Este contrato conta co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación NextGeneration UE):

Compoñente 4: Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade
Reforma 2: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde
Investimento 3: Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde
O porcentaxe de cofinanciamento é de 95% Fondos europeos e 5% de achega municipal.]